

«Arte-factory. Deconstruíndo o patriarcado» é un proxecto de creatividade feminista dirixido á cidadanía ferrolá, impulsado pola Concellaría de Igualdade de Ferrol no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

As súas accións buscan levar ás persoas participantes a unha factoría onde identificar a violencia de xénero, desmontala e descatalogala a través da reflexión e da arte.

Mostra das violencias (in)visibles

Presentación pública performativa

Martes 28 de maio – 19.00h

Casa da Muller

Acto de presentación no que dará comezo a «Mostra das violencias (in)visibles», un espazo no que todas as persoas que o desexen poidan compartir e amosar aqueles obxectos que representan a violencia de xénero.

Factoría creativa

Obradoiros de reflexión e creación artística

Do 4 ao 8 de xuño

Antigo Hospicio Municipal, Casa da Muller e rúas de Ferrol.

Inscripción previa

Creatividade feminista para dar resposta á violencia de xénero. A «Factoría creativa» está composta de tres obradoiros, nos cales reflexionar sobre o machismo e as violencias que atravesan os nosos corpos, e canalizar estas experiencias e ideas a través das artes.

Constan de tres sesións:

→ **Dúas sesións teórico-vivenciais**

Martes 4 e xoves 6 de xuño – 17.00 a 20.00h

Antigo Hospicio Municipal

>> [Mónica Otero e Andrea Rico](#)

→ E unha terceira [sesión de práctica artística](#), a escoller entre tres modalidades:

Fotografía

Venres 7 de xuño – 16.00 a 20.00h

>> [Mariola Mourelo](#)

Poster Art

Sábado 8 de xuño – 10.00 a 13.00h

>> [Estela Iglesias & Miss Hope](#)

Performance

Sábado 8 de xuño – 10.00 a 14.00h

>> [Marián Bañobre](#)

Des-catálogo feminista

Publicación colaborativa

Mércores 5 de xuño – 18:00h

Casa da Muller

>> [Andrea Rico Adegá](#)

Inscripción previa

Sesión colaborativa para a elaboración dunha publicación divulgativa que fará unha breve exposición das diferentes formas de violencias contra as mulleres.

Elas toman os muros

Arte urbana feminista

Luns 3 e xoves 6 de xuño.

Casa da Mulher e verxas do mercado da Madalena

[7H Cooperativa Cultural](#)

E se os muros contaran outra historia? Mentres se desenvolven as actividades do Arte-Factory, artistas diversas de 7H Cooperativa Cultural estarán intervindo diferentes espazos da cidade con murais e graffitis, abrindo a posibilidade de achegarse ao seu proceso creativo, e coñecer de perto os avances da súa obra.

Camiña Arte-Factory

Roteiro para coñecer as creacións

Sábado 8 de xuño, 19h.

Desde a Casa da Muller ás rúas

>> [Rexenerando S.Coop.](#)

Deconstruír para construír; outro relato, outra cidade. Rematamos cun paseo no que coñecer as creacións xeradas nestas semanas de arte, colaboración e feminismo. Participantes e formadoras darán conta da súa experiencia, abrindo o proceso e compartindo os resultados.

Arte- fac- tory

Inscripcións

Rexistro Municipal do Concello de Ferrol. Podes descargar a solicitude en [ferrol.gal](#).

Máis información

[ferrol.gal](#)

- [f](#) ConcellodeFerrol
- [t](#) @FerrolOficial
- [f](#) casa.damullerferrol

Casa da Muller



Prozo Vello

Artigo Neopisio

Arte- fac- tory

Do 28 de maio
ao 8 de xuño

Deconstruíndo
o patriarcado

Espazos de creati-
vidade feminista fronte
a violencia de xŽnero

Mercado da Madalena